

Entrevista con Julián Hernández.

Quen somos, de onde vimos, a onde imos?

1. A música, as súas definicións, desde a estética á ética... é unha forma de evasión ou de compromiso?

A música non é, a música está.

2. Comprométese s.t. con alguna
"causa"?

Máis que de "causas", somos
partidarios de "efectos".

3. Se facemos unha visita pola historia da música... que compositores, autores, grupos elixirías?

Un feixe deles.

4. A historia da humanidade "Quen
somos, de onde vimos, a onde imos".
Cal é o sentido da existencia?

Mellor pregunta a Monty Python.

5. Se existe s.t. é grazas a que, a quen?

Á Divina Providencia, si é que existe tal cousa.

6. Como te posicionas respecto ao movemento feminista? Está pasado de moda?

Non, muller, pasado de moda non está.

7. Marguerite Duras dicía que un escritor (véxase tamén compositor de letras) non é home nin muller... que opinas desta cita?

Que é moi malo de lavare, como din Rompente.

8. Na época dos Cultural Studies onde a cultura se permeabiliza... cales son as influencias doutras disciplinas (cinema, literatura...) nas letras de s.t.?

Pois esas, cinema e literatura, e tamén cómics e titulares de prensa.

9. Cinema... que filmes te marcaron en positivo, cales en negativo?

Moitas en positivo e moitas en negativo. Cambio de opinión cada mañán.

10. Libros que che voaron a cabeza?

Non son partidario das migrañas.

11. Viaxes... a onde voaches?

Tería que pensar. O barco de Cangas
conta coma viaxe?

12. En termos xerais, experiencias vitais determinantes?

Levar ghafas dende pequeno.

13. Dicia alguén que nacera no país equivocado. En que país che tivera gustado nacer?

Nun país sen xente.

14. Tamén escoitei que a verdadeira patria é a infancia... estás de acordo?

Non.

15. O galeguismo... considera-lo unha ideoloxía transversal?

Depende da época do ano.

16. Estamos na época das post-ideoloxías?

O que hai é moito post por todas partes.

17. Como definirías a época actual máis contemporánea?

Tal e como o dis: a época actual é a "máis contemporánea" de todas as épocas.

Estela Pan Vázquez (ronsel pan).
Membro do Colexio Profesional de
Xornalistas de Galicia.



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**